

Museo	Museo de las Peregrinaciones y de Santiago
Inventario	D-1517
Clasificación Genérica	Escultura; Obxectos de Arte; Elemento arquitectónico
Objeto/Documento	Escultura
Materia/Soporte	Granito
Técnica	Labrado
Dimensiones	Profundidade = 42,50 cm; Altura = 98,50 cm; Anchura = 37 cm; Peso = 145 Kg
Descrición	Virxe de granito en maxestade co neno sobre o xeonllo esquerdo e mostrando o peito dereito, que toca cunha man, o neno parece mirar á virxe mentres leva a man dereita cara ao seu peito e suxeita o globo da orbe coa outra. A virxe está entre dous anxos con incensarios que sosteñen a coroa, cinguindo un veo que lle cae sobre os ombros e do que asoman longos cabelos. A virxe viste unha túnica de colo alto rematado en uve e camisa cuxas mangas asoman debaixo das da túnica, parcialmente cuberta por un manto baxio o cal asoma un puntiagudo calzado. O neno leva unha longa túnica que deixa ver os pés espidos. Os panos son voluminosos e con acartonadas crebaduras. A base desta escultura presenta un florón que evidencia a súa probable colocación en altura a modo de pinxante.
Iconografía	Virxe do Leite
Datación	1301[ca]-1351[ca]
Contexto Cultural/Estilo	Gótico
Uso/función	Sagrado.
Lugar de Procedencia	Conxo (Santa María)
Clasificación Razonada	Esta escultura foi achada casualmente o 5 de xuño de 2020 no río Sar ao seu paso por Conxo (Santiago de Compostela). Segundo Carmen Manso Porto, encaixa nun primeiro prototipo da Virxe do Leite formulado por talleres casteláns, quizais o que ás ordes do mestre Enrique traballou no claustro da Catedral de Burgos (c. 1260-1270) con parámetros estilísticos da portada sur da abadía de Saint-Denis. De feito, a finais do século XIII e principios do XIV un taller burgalés derivado pero de escultores menores foi contratado na catedral e no convento franciscano de Ourense. Alí desenvolveu o que Serafín Moralejo denominou "estilo ourensán" (1300-1350), caracterizado por figuras monumentais de panos acartonados e pregos e crebaduras xeométricas e con ampla difusión en Galicia, por exemplo en Santiago, Pontevedra, Lugo, Ribadavia e Tui. Así mesmo, contribuíu a expandir a iconografía da Virxe do Leite dando lugar a un grupo de imaxes que permiten contextualizar a aquí catalogada.

Na Península Ibérica consérvanse poucas imaxes do que Manso Porto denomina primeiro modelo da Virxe do Leite, imaxes de entre finais do século XIII e a primeira metade do XIV nas que a Virxe, de pé ou sedente, mostra un peito. Isto podería deberse, xunto con máis causas, a un cambio de gusto que favoreceu a un segundo modelo, no que a Virxe aleita ao Neno. Os mellores exemplos galegos deste último están en miniaturas das Cantigas de Santa María e nunha

Virxe de Santa María de Oseira, e a el tamén se adscriben, entre outras, as Virxes do Leite de Trasalba e Ansemil (1341). O prototipo puido ser a imaxe da Nosa Señora do Milagre, na Catedral de Burgos. En calquera caso, o número de imaxes da Virxe do Leite en Galicia, pertencen ao primeiro ou ao segundo modelo -nutricia ou lactante-, é maior ao doutros territorios hispanos.

Ao mencionado primeiro modelo da Virxe do Leite poden adscribirse a imaxe burgalesa de Villafranca Montes de Oca, dúas na Catedral de Ourense, unha na Catedral de Lugo -máis coñecida como Virxe dos Ollos Grandes-, unha do antigo Hospital de San Juan de Dios de Pontevedra -hoxe no museo desta cidade-, e dúas en Santiago de Compostela: a da portada de Santa María Salomé e a aparecida en Conxo. Nunha cronoloxía posterior, xa avanzado o século XIV, o modelo reinterpretábase nun retablo de Santa Mariña de Augas Santas (Ourense) e noutra imaxe conservada no Museo de Pontevedra. Para Manso, o tipo iconográfico da Virxe do Leite responde á identificación de María coa Igrexa, que alimenta aos cristiáns como María alimentou a Cristo, e así, no sentido de intercesora, teríase ubicado en hospitais e recintos funerarios, por exemplo sobre o acceso á capela funeraria dos Deza no caso de Ansemil, que Ramón Yzquierdo Perrín considera a máis próxima xeográfica, compositiva e estilisticamente á do río Sar.

As Virxes co Neno flanqueadas por anxos turiferarios, nas súas diversas advocacións, teñen orixe en dúas imaxes de Villalcázar de Sirga (s. XIII). En Santiago de Compostela, ademais das xa mencionadas de Salomé e de Conxo, poden atoparse en varios tímpanos coa Epifanía -coma o de dona Leonor na Catedral-, nun relevo de Santa María de Belvís e na portada do Home Santo de Bonaval (1330). Con todo, a de Conxo é a única na que os anxos evocan a Coroación, pois suxeitan cunha man a coroa da Virxe, similar ás dos reis burgaleses na Catedral de Burgos.

Xunto coa de Salomé, esta é unha das primeiras representacións galegas da Virxe do Leite sedente, coroada e entre anxos turiferarios, e ambas son os dous únicos exemplos conservados do primeiro modelo desta Virxe -a nutricia- no que aparece sedente e entre anxos turiferarios para ser ubicada como pinxante, colocación que evidencian cadanseus floróns na base. Así, como pensa Yzquierdo Perrín, parece probable que da cara posterior da imaxe sobresaíse un bloque de pedra para embutir nun muro, como sucede coa de Ansemil, tamén pinxante e con decoración vexetal na base. O mesmo autor menciona outras imaxes galegas con esa característica pero sen a iconografía da Virxe do Leite: a Virxe do pórtico da igrexa de San Domingos de Bonaval; e en Noia a dun tímpano de Santa María a Nova (1327) e a doutro na igrexa de San Martín (2º cuarto s. XV). Así mesmo, fóra de Galicia póna en relación coas tamén pinxantes das portadas da igrexa de Santa María de Agramunt e de Santa María de la Oliva en Maliayo.

En opinión de Manso Porto, a Virxe do Leite atopada en Conxo constitúe unha das obras máis expresivas realizadas en Santiago polo taller gótico procedente de Ourense e con orixe en Burgos que traballou na cidade compostelá nos primeiros decenios do século XIV. Na mesma cidade farían e o sepulcro do abade Faxildo de San Paio de Antealtares, o tímpano coa Epifanía de San Fiz de Solovio (1316) e a Virxe do Leite de Santa María Salomé, e Manso pensa que seguramente traballaron na capela do transepto sur de San Domingos de Bonaval (c. 1315-1320), ademais de na cabeceira de San Francisco de Pontevedra e na da catedral de Lugo, onde tamén labraron a Virxe dos Ollos Grandes. Manso encadra todas elas na segunda fase do estilo ourensán, ata aproximadamente 1325, a mesma cronoloxía que propón para a Virxe de Conxo. Yzquierdo, pola contra, lévaa ao segundo cuarto do s. XIV por analoxía formal e compositiva con outras como a de Ansemil (1341) e a da portada do Home Santo de Bonaval (1330). Ademais, segundo o mesmo autor a maioría das Virxes co Neno pinxantes en España datan do s. XIV ou

inicios do XV.

O lugar de aparición desta escultura está moi preto do mosteiro de Santa María de Conxo, refundado polo arcebispo Xelmírez no s. XII para monxas bieitas e na Idade Moderna ocupado por mercedarios. Segundo varias crónicas e lendas, no mosteiro había unha imaxe da Virxe chamada "Nosa Señora da Concha" moi venerada e con sona de milagreira. Yzquierdo Perrín mesmo di que era visitada por moitos peregrinos que chegaban a Santiago polo camiño portugués. Esta imaxe consérvase no convento mercedario de Poio, polo que dito autor descarta que poida tratarse da atopada no río Sar, como se chegou a pensar relacionándoa tamén coa chamada "Fonte da Virxe", que se montou a finais do s. XIX en terreos próximos con oito arcos do antigo claustro gótico e se desmontou en 1981. Porén, no muro perimetral dese claustro é onde Yquierdo pensa que puido estar orixinalmente esta escultura da Virxe do Leite.

Forma de Ingreso

Depósito por achado casual

Fecha de Ingreso

23/02/2021



Foto: Argimiro José Aldrey Pérez



Foto: Argimiro José Aldrey Pérez